



## Guía Docente

Datos Identificativos					2023/24
Asignatura (*)	Áreas de intervención en psicoloxía clínica da saúde I			Código	652438016
Titulación	Mestrado Universitario en Psicoloxía Aplicada				
Descritores					
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos	
Mestrado Oficial	2º cuatrimestre	Primeiro	Obrigatoria	3	
Idioma	Castelán				
Modalidade docente	Presencial				
Prerrequisitos					
Departamento	Psicoloxía				
Coordinación	Otero Otero, Patricia	Correo electrónico	patricia.otero.otero@udc.es		
Profesorado	Otero Otero, Patricia	Correo electrónico	patricia.otero.otero@udc.es		
Web					
Descrición xeral	Áreas de intervención en Psicoloxía Clínica da Saúde I é unha materia de 3 créditos, situada no segundo cuatrimestre do plan de estudos de Máster en Psicoloxía Aplicada, dentro da especialidade de Psicoloxía da Saúde. Nesta materia abórdanse as estratexias de avaliación e intervención psicolóxica aplicadas á prevención (primaria, secundaria e terciaria) e tratamento de trastornos da saúde física e proporciónase unha revisión do estado actual do coñecemento acerca da eficacia destas aplicacións e dos retos da investigación futura neste campo.				

## Competencias / Resultados do título

Código	Competencias / Resultados do título
A3	Ser capaz de elaborar un informe científico que implique definir un problema de investigación, as hipóteses e variables asociadas, así como definir o deseño, a mostra e o seu modo de selección, as ferramentas de recollida de datos e a súa consecuente análise e discusión.
A5	Ser capaz de realizar unha avaliación psicolóxica no contexto dunha investigación científica.
A8	Coñecer as bases para establecer hipóteses respecto dun caso concreto e, a partir das mesmas, saber deducir enunciados contrastables.
A13	Coñecer e ser capaz de utilizar os diferentes modelos, teorías, métodos e técnicas de avaliación e intervención que son específicos dos distintos ámbitos da investigación en Psicoloxía Aplicada e desenvolver unha actitude crítica propia do espírito científico.
B1	Capacidade de análise e síntese.
B2	Capacidade de organización e planificación.
B3	Traballo en equipo.
B6	Razoamento crítico.
B7	Compromiso ético.
B12	Toma de decisións.
C4	Desenvolverse para o exercicio dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida, democrática e solidaria, capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e implantar solucións baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común.
C6	Valorar criticamente o coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñible para resolver os problemas cos que deben enfrontarse.
C7	Asumir como profesional e cidadán a importancia da aprendizaxe ao longo da vida.
C8	Valorar a importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade.

## Resultados da aprendizaxe

Resultados de aprendizaxe	Competencias / Resultados do título
---------------------------	-------------------------------------



Coñecer as variables psicolóxicas implicadas na prevención, tratamento e rehabilitación de problemas de saúde física	AI5 AI8 AI13	BI1 BI2 BI3 BI6 BI7 BI12	CM4 CM6 CM7 CM8
Coñecer as posibilidades e a eficacia da avaliación e o tratamento psicolóxico en problemas de saúde física	AI5 AI8 AI13	BI1 BI2 BI3 BI6 BI7 BI12	CM4 CM6 CM7 CM8
Coñecer o estado actual da investigación no ámbito da intervención psicolóxica en Psicoloxía Clínica da Saúde	AI8 AI13	BI1 BI2 BI3 BI6 BI7 BI12	CM4 CM6 CM7 CM8
Ser capaz de avaliar as necesidades e definir os obxectivos da intervención psicolóxica en problemas de saúde física	AI5 AI8 AI13	BI1 BI2 BI3 BI6 BI7 BI12	CM4 CM6 CM7 CM8
Ser capaz de deseñar programas de intervención psicolóxica para a prevención, tratamento e/ou rehabilitación de problemas de saúde física	AI3 AI8 AI13	BI1 BI2 BI3 BI6 BI7 BI12	CM4 CM6 CM7 CM8
Ser capaz de deseñar unha investigación científica no ámbito da intervención psicolóxica para a prevención, tratamento e/ou rehabilitación de problemas de saúde física	AI3 AI8 AI13	BI1 BI2 BI3 BI6 BI7 BI12	CM4 CM6 CM7 CM8

Contidos	
Temas	Subtemas
Trastornos cardiovasculares	Áreas de aplicación da intervención psicolóxica no ámbito dos trastornos cardiovasculares Eficacia de programas de intervención psicolóxica aplicada a trastornos cardiovasculares Perspectivas de investigación futura
Cancro	Obxectivos da avaliación e o tratamento psicolóxico en oncoloxía. Eficacia de programas de intervención psicolóxica en cancro. Perspectivas de investigación futura
Dor crónica	A intervención psicolóxica para o manexo da dor. Programas de intervención psicolóxica para o control da dor aplicados a distintos trastornos de saúde Perspectivas de investigación futura
Trastornos dermatolóxicos	Posibilidades da intervención psicolóxica en problemas dermatolóxicos. Eficacia da intervención psicolóxica aplicada a problemas dermatolóxicos Perspectivas de investigación futura



## Planificación

Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Sesión maxistral	A5 A13 B1 B6 B7 B12 C4 C6 C7 C8	14	25	39
Traballos tutelados	A3 A8 B1 B2 B6 B7 B12 C4 C6 C7 C8	0	15	15
Obradoiro	A5 A8 A13 B1 B2 B3 B12 C4	6	6	12
Presentación oral	A3 A8 B1 B2 B6 B7 C4 C6 C7 C8	0.25	0.75	1
Proba obxectiva	B1 B12	1	0	1
Atención personalizada		7	0	7

\*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

## Metodoloxías

Metodoloxías	Descrición
Sesión maxistral	Exposición oral complementada co uso de medios audiovisuais e a introdución de preguntas dirixidas aos estudantes. Ao longo destas sesións proporcionarase unha panorámica xeral da intervención psicolóxica nos trastornos da saúde abordados nos temas de programa.
Traballos tutelados	Cada alumno/a deberá presentar un traballo de análise dun artigo de revisión bibliográfica.
Obradoiro	O alumnado será adestrado no desenvolvemento de competencias e habilidades terapéuticas para intervir no ámbito da psicoloxía clínica da saúde.
Presentación oral	Cada alumno/a presentará de forma oral o seu traballo de análise dun artigo da literatura científica
Proba obxectiva	Ao finalizar o curso realizarase unha proba obxectiva para avaliar os coñecementos sobre os contidos do programa.

## Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Traballos tutelados Obradoiro Presentación oral	A simulación das técnicas psicolóxicas, o traballo de análise do artigo de revisión bibliográfica, e a presentación que o alumno/a debe levar a cabo require, para a súa adecuada realización, da atención personalizada. Para dar resposta a esta necesidade, o profesor/a da materia guiará ao alumno/a na realización do traballo tutelado.

## Avaliación

Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación
Sesión maxistral	A5 A13 B1 B6 B7 B12 C4 C6 C7 C8	Valorarase a asistencia ás sesións maxistras	10
Proba obxectiva	B1 B12	Ao termo do curso levarase a cabo un exame final no que, mediante unha proba obxectiva, avaliaranse os coñecementos sobre os contidos do programa desenvolvidos nas sesións maxistras	50
Traballos tutelados	A3 A8 B1 B2 B6 B7 B12 C4 C6 C7 C8	Avaliación do traballo de análise do artigo de revisión presentado polo alumno/a.	40

## Observacións avaliación



En aplicación da "Norma que regula o réximen de dedicación ao estudo e a permanencia e a progresión dos estudantes de grao e máster universitario na UDC" (aprobada en Consello de Goberno de 4 de mayo de 2017), os alumnos aos que se reconozca a condición de estudantes a tempo parcial e a correspondente dispensa académica, quedarán eximidos da asistencia a clase; no obstante, estes alumnos deberán entregar os correspondentes informes e traballos antes da data establecida para a realización do exame da asignatura. Para a Segunda Oportunidade o alumnado será avaliado da/s proba/s pendente/s ou non superadas, gardando a calificación das partes superadas. A realización fraudulenta das probas ou actividades de avaliación, unha vez comprobada, implicará directamente a cualificación de suspenso na convocatoria en que se cometa: o/a estudante será cualificado con ?suspenso? (nota numérica 0) na convocatoria correspondente do curso académico, tanto se a comisión da falta se produce na primeira oportunidade como na segunda. Para isto, procederase a modificar a súa cualificación na acta de primeira oportunidade, se fose necesario.

## Fontes de información

### Bibliografía básica

- Bennett, S, Perry, N.W. y Rozensky, R.H. (eds.) ((2002)). handbook of Clinical Health Psychology (vol I): Medical disorders and behavioral applications.. Washington: American Psychological Association
- Boyer, B.A. y Paharia, M.I. (eds.) ((2008)). Comprehensive handbook of Clinical Health Psychology. Hoboken, NJ: Wiley
- Buceta, J.M., Bueno, A.M. y Mas, B. (eds.) ((2001)). Intervención psicológica y salud: control del estrés y conductas de riesgo. Madrid: Dykinson
- Buceta, J.M., Bueno, A.M. y Mas, B. (eds.) ((2000)). Intervención psicológica en trastornos de la salud. Madrid: Dykinson
- Friedman, H. S. (ed.) ((2011)). The Oxford handbook of health Psychology. New York: Oxford University Press
- Gatchel, R.J. y Oordt, M.S. ((2003)). Clinical Health Psychology and primary care. Washington, DC: American Psychological Association
- Gil, J. (ed.) ((2004)). Psicología de la Salud: aproximación histórica, conceptual y aplicaciones. Madrid: Pirámide
- Hunter, C.L., Goodie, J.L., Oordt, M.S. y Dobmeyer, A.C. ((2009)). Integrated behavioral health in primary care. Washington, DC: American Psychological Association
- Kaptein, A. y Weinman, J. (eds.) ((2004)). Health Psychology. Oxford: Blackwell
- Pérez, M., Fernández, J.R., Fernández, C. y Amigo, I. (eds.) ((2003)). Guía de tratamientos psicológicos eficaces II: Psicología de la Salud. Madrid: Pirámide
- Morrison, V. y Bennett, P. ((2008)). Psicología de la Salud. Madrid: Pearson Educación
- Remor, E., Arranz, P., Ulla, S. (Eds) ((2003)). El Psicólogo en el ámbito hospitalario. Bilbao: Descleé de Brouwer
- Sanderson, C.A. ((2004)). Health Psychology. Hoboken, NJ:Wiley
- Simón, M.A. (ed.) ((1993)). Psicología de la Salud: aplicaciones clínicas y estrategias de intervención. Madrid: Pirámide
- Simón, M.A. (ed.) ((1999)). Manual de Psicología de la Salud: fundamentos, metodología y aplicaciones. Madrid: Biblioteca Nueva

### Bibliografía complementaria

## Recomendacións

### Materias que se recomenda ter cursado previamente

Psicología clínica da saúde/652438014

### Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Áreas de intervención en psicología clínica da saúde II/652438017

### Materias que continúan o temario

## Observacións



Débese facer un uso sostible dos recursos e a prevención de impactos negativos sobre o medio natural. Recoméndase o envío dos traballos telemáticamente ou a impresión a&nbsp;nbsp;doble&nbsp;nbsp;cara na entrega de traballos. Débese ter en conta a importancia dos principios éticos relacionados cos valores da sostenibiliade nos comportamentos persoais e profesionais. Segundo se recolle nas distintas normativas de aplicación para a docencia universitaria, deberase incorporar a perspectiva de xénero nesta materia (usarase linguaxe non sexista, utilizarase bibliografía de autores/as de ambos sexos, propiciarse a intervención en clase de alumnos e alumnas...). Traballarase para identificar e modificar prexuízos e actitudes sexistas e influirase na contorna para modificalos e fomentar valores de respecto e igualdade. En caso de detectar situacións de discriminación por razón de xénero, proporanse accións e medidas para corrixilas.

(\*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías